

## CUESTIONARIO PROFESORADO HL 08-09

### Comentarios recollidos no ítem 17: Propostas que deberían mellorar o tempo adicado á

#### HORA DE LER:

- Aproveitar o tempo de materias vacías, como atención educativa, porque o tempo de clase redúcese demasiado...e, ademáis, quince minutos de lectura é moi pouco.
- 15 minutos diarios, en cada caso na lingua da asignatura que toque.
- A práctica diaria é importante para adquirir o hábito lector da mesma maneira que a lectura de libre elección débese manter para propiciar a autonomía e a responsabilidade. Pero faise necesario vincular este feito ás programacións de cada materia e co desenrolo na propia programación de aula para conquistar os obxectivos fixados no Proxecto lector.
- Cando as aulas estean dotadas de material bibliográfico sería interesante que leran voluntariamente pero, en función da materia e da aula onde estean, que a temática fóra común á materia que van a ter despois.
- Debido a que unha porcentaxe bastante elevada de alumnos non traen o libro, cada profesor debería ter na aula os libros que considere interesantes para poder levar a cabo esta actividade.